



Resumo da Xunta de Persoal da Xefatura Territorial de Educación de Lugo xoves 17 de setembro de 2020

Asisten: **STEG, CIG, CC.OO, FETE-UXT, ANPE e CSIF**

1. Problemáticas de comezo de curso

O Presidente da Xunta de persoal comenta que falou coa responsábel de Recursos humanos para que se constituía o Comité de prevención de Riscos Laborais; xúlgase especialmente grave que neste momento non estea aínda constituído.

FETE-UXT comenta que aínda que non figura como convocante das mobilizacións está en contra do protocolo, pero non xulgaron as datas elixidas acaídas para a folga.

ANPE comenta que tampouco as vían adecuadas e que se fose folga indefinida terían ido.

Dende o STEG rebátase esta afirmación e coméntase que na reunión mantida en Compostela falouse da posibilidade dunha folga indefinida e só STEG e CIG se mostraron favorábeis a esta opción da que finalmente se prescindiu buscando o maior consenso posíbel.

A CIG comenta os problemas de débedas a provedores que está a haber nalgúns centros polas partidas orzamentarias dos mesmos e sinala esta cuestión como un tema a tratar na reunión coa Xefatura territorial.

FETE-UXT comenta a cuestión do persoal sensíbel á COVID-19 e dos atrancos existentes para que ese recoñecemento se concrete en algo que mellore as condicións das traballadoras.

STEG, ao respecto, comenta que falta saber o sentido das resolucións pero coincide en que entende que non se produce un exame pormenorizado das peticións, visitando o lugar de traballo e avaliando realmente a necesidade de adaptación, se for o caso, do posto de traballo.

FETE-UXT comenta a necesidade dun permiso ou licenza que lle permitise ás traballadoras do ensino coidar de fillas/os en corentena.

Coméntase que a proposta transcende a atribución da Xunta de Persoal pero valórase axeitado e en todo caso susceptible de ser tratado na Mesa Sectorial.

A continuación, STEG comenta varias cousas:

1. Somete ao criterio das organizacións que fan parte da Xunta de Persoal a conveniencia dun pronunciamento da Xunta de Persoal en apoio á comunidade educativa de Castro Riberas de Lea; dunha banda, a necesidade de esixir que se faga o desdobre de sexto curso no Ceip Veleiro-Docampo e se apoie as familias, o profesorado e o equipo directivo do centro, ao tempo que se discrepa das ameazas da apertura de protocolo de absentismo dende a Xefatura territorial. Laméntase, doutra parte, que no caso do IES Terra Chá se tivese que chegar á presentación da dimisión do equipo directivo para atender as necesidades que o centro presentaba.

Acórdase facer escrito conxunto apoiando a comunidade educativa de Castro e esixindo o desdobre do sexto curso do Ceip Veleiro Docampo.

2. O STEG interésase polo feito de que o IES da Fonsagrada non dispoña dunha praza de Orientación a tempo completo; a actual praza ten o centro base no CPI de Cervantes, indo só dous días a Fonsagrada e agora, por riba, ten que atender tamén neste tempo a reapertura do Ceip de Negueira de Muñiz. Sería moi conveniente que puidese ter unha praza de Orientación a tempo completo.

Acórdase incluír esta cuestión na reunión coa Xefa territorial.

3. O STEG expón a complexa situación do IES Sanxillao en relación aos obradoiros de cociña do Departamento de Hostalaría.

Sínalase que actualmente o dep. de hostalaría do IES Sanxillao só dispón dun único espazo destinado a obradoiro de cociña para as clases prácticas que, por outra banda, non cumpre a normativa m₂/alumno/a porque as súas dimensións son insuficientes (estamos pendentes do inicio obras de reforma nas que se vai construír nova cociña, que de todas formas é imposíbel que reamten antes da finalización do 2020-21).

Por mor da COVID-19 e co gallo de cumprir coas medidas de seguridade que garantan a protección da saúde, no IES Sanxillao vense na obriga de **reducir** a ocupación deste único obradoiro de cociña co que conta o centro **nun 50 %**. Así a súa **ocupación** será **ininterrumpida desde o luns ás 08:15 até o venres ás 21:30**, quedando case todo o alumnado dos ciclos de cociña con clases todos os días de mañá e de tarde.

Resúmese a información dispoñíbel –a facilitar por mail ás organizacións, **VER DETALLE AO FINAL DESTE DOCUMENTO**- e avánzase como posíbel solución: A UTILIZACIÓN DAS ANTIGAS INSTALACIÓNS que ocupaba a Fundación ASPNAIS, sitas na rúa Rampla de Claudio López, 21, a escasos metros do IES Sanxillao, pertencentes ao patrimonio da Xunta de Galicia.

Cónstanos que dispón de varios espazos suficientemente amplos para poderen ser utilizados como obradoiro de cociña e/ou aulas para prácticas específicas, como poden ser:

- Cociña

- 2 comedores
- Sala (de TV)

Considérase que poderían adaptarse para acoller un dos CF para as clases prácticas – e mesmo teóricas- permitindo ao mesmo tempo incrementar as sesións na cociña do Sanxillao co gallo de cumprir as porcentaxes de prácticas reflectidas nos diferentes currículos.

Ademais, cómpre salientar que deste xeito **liberaríanse espazos nun Sanxillao, xa sobreesaturado, que poderían ser destinarse á ESO ou ao BACH.**

Por todo isto, consideramos **moi urxente a cesión destes espazos ao IES Sanxillao** para así poder iniciar e desenvolver de forma adecuada o curso 20-21, garantindo un ensino de calidade ao alumnado, sen esquecer que o alumnado que inicia 2º curso xa viu minguada a súa formación no 2019-20, o que redundaría nun déficit de formación considerábel (43% das prácticas non impartidas) ao finalizar o CF.

Acórdase incluír esta cuestión no escrito de solicitude e tratala na reunión coa Xefatura territorial.

4. O STEG expón o seu desacordo manifesto con determinados xeitos de proceder da Inspección Médica e suxire tratar esta cuestión na reunión coa Xefatura territorial.

A este efecto, sinálanse dous casos moi concretos; dunha banda, a denegación dunha comisión por coidado de familiar, onde o traballador ten ao cargo unha persoa de noventa e dous anos sen outra posibilidade de recibir coidados por outra vía. Laméntase a escasa consideración que este tipo de situacións lle merecen ao criterio da Inspección Médica.

Doutra, vólvese sobre unha situación xa coñecida por esta xunta de persoal: as sucesivas solicitudes de prórroga de redución de xornada por coidado dun menor con enfermidade grave e consecuente denegación á traballadora, posteriormente resolta ao seu favor varias veces, con sentenza xudicial en firme e informes médicos que desminten a interpretación que desta situación fai a Inspección Médica. Non é a primeira vez que a posteriori este órgano é corrixido dándolle a razón á traballadora. Sinálase tamén que este xeito de proceder lesiona, no entanto se resolven os recursos dende o fin das prórrogas, un dereito que teñen as traballadoras e traballadores do ensino; nesta liña e, diante da teima obstinada da Xefatura en seguir por esta vía, o STEG resérvase o dereito a proceder legalmente do mellor xeito que xulgue, nunha vía en todo caso que se podería evitar e que probabelmente non lle interese a ningunha das partes.

Acórdase agardar ao resultado do proceso para un pronunciamento da Xunta de Persoal e tratar, en todo caso, o cariz das actuacións da Inspección Médica na inminente reunión coa Xefatura.

Revísase finalmente a documentación relativa á constitución do Comité de Prevención de Riscos Laborais para proceder canto antes a un reparto representativo que permita superar a actual situación de non constitución.

Sen máis asuntos que tratar, finaliza a reunión, sendo as 13 horas.

**información adicional que o STEG facilitará ás restantes organizacións para a elaboración do escrito final en relación ao IES Sanxillao:*

É preciso ter en conta que o curso pasado a raíz do confinamento desde marzo perdeuse de impartir o 3º trimestre completo, o que supón o 33% do curso

*No Sanxillao para este 2020-21, **3 CF que precisan obradoiro de cociña:***

- 1. FP Básica (CBHOT01 Cociña e Restauración), no que se imparten 2 módulos de 6 sesións cada un (TEP e PBPC) eminentemente prácticos. O curso pasado perderon 87 clases prácticas correspondentes ao 3º trimestre, un 40%.*
- 2. CFGM Cociña e Gastronomía (CMHOT01), con 3 módulos en 1º curso (TC, PCA e PBPR) que suman 800 horas, das que perderon 215 horas, isto é un 35%.*

Nas adaptacións das programacións e nos informes de fin de curso o profesorado indicou os CRITERIOS DE AVALIACIÓN considerados como mínimo esixible que se deberían impartir no inicio do 2º curso do CF.

*En 2º curso os módulos prácticos son 2 (PC e SR), cun total de 490 horas, das que o 80% tamén corresponde a clases prácticas, e das que **só se poderán impartir o 50%** nun dos módulos (PC, con 20 sesións semanais).*

- 3. CFGS Dirección de Cociña (CSHOT004), con 2 módulos en 1º curso (PPCA e PEC) que suman 507 horas, das que non se impartiron 135 coa mesma porcentaxe de clases prácticas perdidas (34%), e tamén con unidades didácticas das que se deben impartir os mínimos esixible a inicio deste 2º curso.*

*No 2º curso os módulos que precisan obradoiro de cociña son asemade 2 (XPC e EPRC) cun total de 454 horas. **A redución de horas de cociña para estes módulos suporía un 50%.***

*Diante da gravidade desta situación o departamento de hostalaría **para non comprometer a formación do alumnado dos ciclos de cociña** que iniciaron a súa formación no 2019-20 e que rematarán este curso, xa que **perderían unha porcentaxe acumulada de clases prácticas do 43%.***

Datos estatísticos

CF	CURSO	MÓDULO	HORAS TOTALS	HORAS PRÁCTICAS	HORAS PRÁCTICAS PERDIDAS	PORCENTAXE
FPB	1º	TEP	175		47	39.3
		PBPC	149		40	40
CM COGA	1º	PCA	240		64	33
		TC	320		84	39.25
		PBPR	240		64	33
	2º	PC	350			50%
		SR	140			25
CS DirCo	1º	PPCC	240		64	33
		PEC	267		71	36
	2º	EPRC	210			50
		XPC	244			50